

## DOMINGO XXII ORDINARIO (A)

### PRIMEIRA LECTURA Xer 20, 7-9

#### LECTURA DO LIBRO DO PROFETA XEREMÍAS

Señor, seducíchesme e deíxame seducir; collíchesme e puídeches comigo. Sirvo a cotío de burla; a destrucción é o meu pan. Sempre que falo, teño que proclamar: ¡Desastre!; teño que clamar: ¡Destrucción! A palabra do Señor volveuse para min un escarnio, unha burla continua. Se digo: "Non me vou acordar máis del, non falarei máis no seu Nome", entón a súa palabra vólvese coma un lume abrasador no meu corazón, un lume prendido nos meus ósos; fago forza por apagalo, pero non son capaz.

### SALMO RESPONSORIAL Sal 62, 2. 3-4. 5-6. 8-9

R/. (2b): **De ti ten sede a miña alma, Señor, meu Deus.**

Deus, o meu Deus es ti, por ti madrugo,  
de ti ten sede a miña alma,  
por ti devece o meu corpo,  
coma terra reseca, sedenta, sen auga.

Miro cara a ti no santuario,  
para ve-lo teu poder e a túa gloria.  
A túa misericordia é preciosa máis cá vida,  
lóante os meus labios.

Toda a miña vida hei bendicirte  
levantando no teu nome as miñas mans.  
Coma de graxa e manteiga, hei quedar satisfeito,  
han loarte xubilosos os meus labios.

Ti e-lo meu auxilio,  
á sombra das túas ás estou contento.  
A miña alma está unida a ti,  
abrigoume a túa destra.

**SEGUNDA LECTURA Rm 12, 1-2****LECTURA DA CARTA DO APÓSTOLO SAN PAULO ÓS ROMANOS**

Rógovos, irmáns, pola misericordia de Deus, que ofrezáde-los vosos corpos como sacrificio vivo, santo, grato a Deus: coma o voso culto espiritual. E non vos axustedes ó mundo presente: máis ben, transformádevos, pola renovación da mente, para que poidades coñecer cal é a vontade de Deus: o bo, o que lle agrada, o perfecto.

**EVANXEO Mt 16, 21-27****LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO**

Naquel tempo, comezou Xesús a aclararlles ós seus discípulos que tiña que ir a Xerusalén, e que alí o ían facer padecer moito os anciáns, os sumos sacerdotes e os letrados; que o ían executar e que ó terceiro día había resucitar. Pedro, colléndoo á parte, empezou a rifar con el, dicindo: Deus te libre, Señor; a ti non che pasará nada diso de maneira ningunha. Pero el, volvéndose, díxolle a Pedro: ¡Arreda de min, Satanás! Ti es un tentador para min, porque non te deixas guiar por Deus senón polos homes. Entón díxolles Xesús ós seus discípulos: se alguén quere vir comigo, renegue de si mesmo, cargue coa súa cruz e sígame. Porque quen queira poñer a salvo a súa vida, perderaa; pero quen a perda por min, encontraraa. Pois ¿de que lle serve ó home gaña-lo mundo enteiro se arruina a súa vida? E ¿que pode dar un home en troco pola súa vida? Porque o Fillo do Home ha vir na gloria de seu Pai cos seus anxos; entón pagará a cadaquén conforme á súa conducta.